

NORMATIVA DE DEDICACIÓN E RECOÑECEMENTOS DOCENTES

(Aprobada no consello de goberno do 20 de decembro de 2024)

1. A DEDICACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO

O artigo 75 da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario, refírese ao réxime de dedicación docente do profesorado funcionario a tempo completo. Así, establece que a actividade docente ocupará un máximo de 240 e un mínimo de 120 horas lectivas por curso académico dentro da súa xornada laboral anual. Este réxime enténdese aplicable ao PDI permanente, tanto en réxime funcional como laboral, ou ás figuras en réxime de interinidade asimilables a cada unha delas.

Ademais, o citado precepto determina que as universidades poderán modificar este «intervalo» en diversos casos, como para corrixir as desigualdades entre mulleres e homes derivadas das responsabilidades do coidado de persoas dependentes; facela compatible co exercicio de cargos unipersoais de goberno e coas tarefas de responsabilidade en proxectos de interese para a universidade na forma en que determinen os estatutos; ou para permitir as tarefas do profesorado que represente os intereses do persoal empregado público.

Tendo en conta o anterior, a presente normativa establece os límites da dedicación docente que rexerán na Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026.

A dedicación docente máxima do profesorado permanente a tempo completo, así como das figuras en réxime de interinidade asimilables a este profesorado, será de 240 horas. Para fixar o nivel de dedicación docente de cada un dos membros do PDI permanente a tempo completo e profesorado interino (profesorado contratado doutor ou permanente laboral) utilizarase a seguinte táboa, na que aparecen os axustes que a Universidade de Vigo fará con respecto ao recollido no antedito decreto. **Para calcular a dedicación de cada PDI contabilizaranse os sexenios de investigación e transferencia do coñecemento de solicitudes resoltas a 31 de decembro do ano anterior ao de inicio do curso:**¹

	0 sex	1 sex	2 sex	3 sex	4 sex	5/6 sex	
≥ n-7	240	240	200	160	160	160	
n-8			240	200			
n-9				240	200		
n-10					240		
≤ n-11							

* n: ano de inicio do curso académico

* Tomarase como ano de referencia dun sexenio o da convocatoria na que se solicite

A vicerreitoría estudará as solicitudes de non asignación dunha dedicación docente de 240 horas das persoas que por mor de baixas de incapacidade temporal, maternidade, adopción ou acollemento por un período superior a 9 meses, non puideron solicitar un sexenio que sexa decisivo no cómputo da súa dedicación.

Para favorecer a igualdade efectiva entre mulleres e homes facilítase a actividade investigadora das profesoras a tempo completo que finalicen o seu permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento (duración mínima dun ano). Estas poderán solicitar unha redución da súa dedicación docente de ata o 100 % no primeiro curso académico desde a data de finalización dos permisos anteriormente citados (recoñeceráselles para os efectos de certificación docente a docencia impartida no curso anterior), e unha redución de ata o 50 % no segundo curso académico despois da finalización de primeira redución autorizada. Esta redución da dedicación docente permitirá que as

¹ No caso de sexenios en fase de recurso, reaxustarase correspondentemente no momento da súa resolución do mesmo, aínda que sexa unha data posterior



persoas que o gocen se poidan dedicar ao desenvolvemento de actividades investigadoras.

Para o PDI que teña cumpridos 63 anos ou máis na data de inicio do curso académico o máximo de dedicación docente será de **230** horas.

No caso de persoal investigador doutor contratado ao abeiro dos programas de excelencia, nacionais ou internacionais, e para os que a Universidade de Vigo percibe a correspondente axuda de estabilización pola creación de postos de traballo de carácter permanente, terá dereito a un recoñecemento de 30 horas por curso académico durante tres cursos académicos. O citado recoñecemento será efectivo a partires do curso inmediatamente seguinte ao de toma de posesión da persoa interesada como profesor/a titular.

O recoñecemento de horas previsto no parágrafo b) da cláusula segunda da cobertura de docencia vacante e no parágrafo segundo do anexo III da mobilidade Intercampus das normas de elaboración de POD da Universidade de Vigo (acordo do consello de goberno do 2 de marzo de 2023) realizarase segundo o establecido na Normativa indicada.

2. O RECOÑECIMENTO DAS ACTIVIDADES DE GOBERNO E REPRESENTACIÓN

Os membros do PDI que realicen tarefas de goberno ou representación terán unha redución das súas tarefas docentes, co fin de que dispoñan do tempo necesario para realizar as citadas tarefas. Esta redución establécese en forma dunha porcentaxe que pretende estimar o tempo da xornada laboral que a persoa necesita dedicar ás actividades recoñecidas, e aplicarase tanto á súa dedicación docente, definida no apartado anterior, coma ás horas semanais de titoría que lle correspondan. As reducións aplicadas son as seguintes:

Recoñecemento de actividades de goberno e representación (RAGR)			Porcentaxe
R.1. Cargos académicos	R.1.1	Reitor/a, vicerreitor/a con dedicación exclusiva	100 %
	R.1.2	Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, secretario/a xeral, valedor/a universitario/a	75 %
	R.1.3	Adxunto/a ao reitor/a, delegada/o na CiUG	62,5 %
	R.1.4	Decano/a e director/a de centros docentes	50 %
	R.1.5	Director/a de Centros CIGUS	40 %
	R.1.6	Director/a de área, director/a de centros de investigación	37,5 %
	R.1.7	Director/a de instituto universitario	25 %
	R.1.8	Director/a de departamento, coordinador/a xeral PUM	18,75 %
	R.1.9	Vicedecano/a, subdirector/a e secretaria/o de centros docentes	18,75 %
	R.1.10	Secretaria/o, subdirector/a, xefe/a de sección de departamentos, secretaría de instituto e centros de investigación	12,5 %
R.2. Representación da UVigo e outros	R.2.1	Colaborador/a científico/a	25 %
	R.2.2	Membro da comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/comité de asesoramento da CNEAI	18,75 %
	R.2.3	Xestor/a de programas investigación autonómicos	18,75 %
	R.2.4	Delegada/o da UVigo en centros adscritos	12,5 %
	R.2.5	Representante da UVigo noutras institucións ²	9,4 %
	R.2.6	Representación sindical (segundo o acordado)	

² Debe acreditarse mediante un nomeamento do Reitor no que figure explicitamente o recoñecemento da actividade no POD. En todo caso estarán excluídas as actividades que supoñan unha remuneración que vaia máis aló da cobertura de gastos (axudas de custo).



R.3. Órganos de goberno da UVigo	R.3.1	Membro do Consello de Goberno da UVigo	3 %
	R.3.2	Membro do Consello Social da UVigo	1 %
	R.3.3	Membro do Claustro da UVigo	1 %
	R.3.4	Membro do Consello de Campus	1 %
	R.3.5	Membro de comisións delegadas do Claustro ou Mesa	2 %
	R.3.6	Membro de comisións delegadas do Consello de Goberno	2 %
R.4. Outros	R.4.1	Coordinadores/as de grao e mestrado conxuntos ³	18,75 %
	R.4.2	Coordinadores/as de grao e mestrado	12,50 %

Os recoñecementos R.3, relativos á participación en órganos de goberno da Universidade de Vigo, só se lles aplicarán aos membros dos citados órganos que non sexan membros natos deles. Para todo o PDI (a tempo completo ou parcial), os recoñecementos R.2 e R.3 serán acumulables ata un máximo dun 30 %. Este límite non é aplicable aos recoñecementos por representación sindical, que se establecerán segundo corresponda nos convenios, acordos ou normativas ao respecto.

3. A CAPACIDADE DOCENTE DO PDI

A capacidade docente (CD) de cada PDI, con vinculación permanente e dedicación a tempo completo ou tempo parcial do profesorado contratado doutor interino/profesorado permanente laboral interino, calcularase tomando como base o valor resaltado da cela correspondente á súa situación da táboa do apartado 1 deste documento, e aplicando, se é o caso, as porcentaxes de redución que lle correspondan segundo a táboa do apartado 2, cos límites indicados nese mesmo apartado.

A capacidade docente (CD) do profesorado axudante doutor calcularase tomando como base a correspondente ao seu contrato, e aplicando, se é o caso, as porcentaxes de redución que lle correspondan segundo a táboa do apartado 2, cos límites indicados nese mesmo apartado. Esta capacidade docente repartirase entre:

- Carga docente básica que figura no POD de cada curso académico.
- Outras actividades recoñecidas.

A capacidade docente mínima do PDI (a tempo completo ou parcial) corresponderá ao 50 % da diferenza entre a capacidade docente segundo a súa situación na táboa do apartado 1 e os recoñecementos R.1. Este límite non é aplicable á representación sindical. A capacidade docente do profesorado asociado e do profesorado substituto tomarase segundo o establecido no seu contrato e na lexislación correspondente.

4. OUTRAS ACTIVIDADES RECOÑECIDAS

O recoñecemento en horas dedicadas a estas actividades calcularase seguindo os criterios reflectidos na seguinte táboa e poderán chegar, como máximo ao 50 % da capacidade docente de cada PDI:

Recoñecementos por proxectos de investigación	Horas recoñecidas
Proxectos estratéxicos ou contratos/convenios de extraordinaria relevancia económica para a UVigo, independentemente do programa ou entidade financiadora, a criterio da comisión de investigación	35 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como coordinador/a do proxecto/consorcio	45 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP e líder de WP	25 h por proxecto
Proxecto H2020, HE, EDF, LIFE+ ou equivalente como IP da UVigo	15 h por proxecto

³ Este recoñecemento non se lles aplicará aos coordinadores/as de títulos que non teñan alumnado de nova matrícula, nin aos coordinadores/as de mestrados sen repercusión no POD, a non ser que a CAM acorde renunciar ao 10 % do orzamento do mestrado (correspondente aos gastos de coordinación)



Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como coordinador	12 h por proxecto
Outros proxectos de investigación (e.g. INTERREG), como IP da UVigo	10 h por proxecto
Proxectos nacionais de investigación de xeración do coñecemento ou equivalentes, como IP do proxecto	5 h por proxecto
Recoñecementos de actividades docentes	Horas recoñecidas
Titorización de TFG/TFM ⁴ no curso anterior á elaboración do POD	4 h/6 ECTS + 1 h/3 ECTS adicional ⁶
Dirección de teses de doutoramento nos 3 cursos anteriores	10 h por tese completa ⁷
Docencia en inglés ⁵	1 h por cada 4 h en inglés no POD
Docencia en galego	Segundo a convocatoria
Outros recoñecementos docentes	Definidos polo Consello de Goberno
Recoñecementos de actividades de xestión e apoio	Horas recoñecidas
Actividades recoñecidas polos centros/campus	Horas asignadas polo centro/campus
Atención a estudantes con discapacidade ⁸	32 h por estudante titorizada/o
Outras tarefas	Definidos polo Consello de Goberno

5. O RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES DE XESTIÓN E APOIO NOS CENTROS/CAMPUS

As actividades relacionadas con aspectos académicos que levan a cabo os centros e campus de especialización da universidade, precisan da realización dun conxunto de tarefas de xestión e apoio por parte do PDI que é preciso recoñecer.

Para facer efectivo este recoñecemento, asignarase a cada Centro, Comisión Académica de Máster (CAM), Comisión Académica de Programa de Doutoramento (CAPD) e Campus de Especialización unha bolsa de horas calculada e xestionada en base aos seguintes criterios:

- 1) Dada a variedade e casuística existentes, a medición da dedicación a este tipo de tarefas resulta moi complexa e o seu recoñecemento está suxeito ás restricións orzamentarias relativa aos gastos en persoal da universidade. Co fin de poder recoñecer estas dedicacións sen incorporar desequilibrios orzamentarios, incorpórase un sistema de recoñecementos baseados en puntos.
- 2) O consello de goberno aprobará o número de horas dispoñibles para o recoñecemento das actividades contempladas. Estas horas distribuiranse entre o total de puntos acadados polos centros, CAM, CAPD e campus de especialización para obter o valor do punto en horas.
- 3) As CAM aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada. Unha vez aprobada, será comunicada ao seu centro de adscrición.
- 4) As xuntas de centro aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos asignada.
- 5) Os centros comunicarán a distribución final de puntos de todos os seus títulos á vicerreitoría de Titulacións e Innovación Docente.
- 6) As CAPD aprobarán a distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne. Unha vez aprobada será comunicada á Escola Internacional de Doutoramento.
- 7) Os responsables dos campus de especialización elaborarán unha proposta de distribución entre o PDI da bolsa de puntos que se lles asigne, que comunicarán á vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.
- 8) A Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) analizará as diferentes propostas de distribución, resolverá os conflitos ou dúbidas ao respecto, e poderá solicitar, se procede, unha revisión das mesmas.
- 9) Os recoñecementos recollidos neste anexo só poderán aplicarse ao profesorado con vinculación permanente e axudantes doutoras/es.

⁴Traballos de fin de grao e de fin de mestrado que sexan defendidos e superados durante o curso anterior ao da elaboración do POD.

⁵Docencia impartida en inglés no curso de elaboración do POD, en títulos de grao e mestrado onde esta lingua non sexa vehicular

⁶No caso de TFG ou TFM codirixido, o valor dividirase por dous

⁷No caso de teses dirixidas como PDI da Universidade de Vigo e non defendidas na Universidade de Vigo, o recoñecemento dividirase entre dous

⁸Aplicable ao profesorado involucrado na titorización directa de estudantes con discapacidade por encargo da vicerreitoría correspondente, ao abeiro do regulamento de atención ao estudantado con necesidades específicas de apoio educativo da Universidade de Vigo (Consello de Goberno de 24 de xullo de 2013).



10) Cada título debe ser coordinado por unha soa persoa e ningunha persoa poderá coordinar máis de un, a excepción da posibilidade de coordinar un título de mestrado e un título de doutoramento cando estean directamente relacionados.

A distribución de puntos a asignará a cada Centro, CAM, CAPD e Campus de Especialización realizarase en base aos seguintes criterios:

A. CENTROS

Os puntos asignados de forma directa aos centros a xeito de bolsa de horas contemplará as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos das titulacións que teña adscritas:

A.1. Para as titulacións de grao:

A.1.1. Coordinación e organización docente: Inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios graos, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFG, responsables PIUNE ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinaranse, necesariamente á coordinación dos títulos de grao, debendo asignarse a cada coordinador un recoñecemento que se corresponda, a lo menos, co 12,5 % da súa dedicación docente e da súa horas semanais de titoría.

100 puntos por título e grao⁹ + 50 puntos por coordinación de grao interuniversitario asumida pola UVigo + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de grao

2 puntos por estudante de grao de intercambio

A.1.2. Intercambio de estudantes: a vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso anterior á elaboración do POD.

A.1.3. Prácticas do alumnado: a vicerreitoría competente certificará tanto o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2023/24, como a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2024/25 (número de estudantes e créditos ECTS das prácticas).

1 punto/6ECTS por estudante en prácticas (extracur. a metade)

A.2. Para todas as titulacións (grao, mestrado e doutoramento):

A.2.1. Xestión da calidade dos centros: apoio ás tarefas ligadas á xestión da calidade nos centros.

50 p. por centro+1 p. por estudante de novo acceso aos títulos de grao, mestrado e doutoramento do centro. Ademais asignaranse 50 p. adicionais aos centros que teñan acadado o selo de calidade Q da Universidade de Vigo.

A.2.2. Captación de alumnado: apoio a tarefas de captación de alumnado nos centros.

- 50 p. por centro para cada coordinador de captación. A EIDO considerase como un centro a efectos do cómputo deste apartado.
- 1500 puntos repartidos proporcionalmente ao número de actividades de captación institucionais nas que participaron os centros no curso anterior e foron certificadas pola Vicerreitoría competente.
- 500 puntos repartidos entre os centros nos que a media da taxa de ocupación dos tres últimos cursos académicos estea por debaixo do 90%.

⁹O programa de maiores terá a consideración dunha titulación adicional.



Nos títulos non implantados completamente, a bolsa será proporcional ao número de cursos que se impartan.

B. COMISIÓNS ACADÉMICAS DE MÁSTER

Os puntos asignados ás CAM contemplarán as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos da titulación de máster correspondente:

B.1. Para cada titulación de mestrado con repercusión en POD:

- B.1.1. Coordinación e organización docente: inclúe a coordinación de cursos, módulos, materias comúns a varios mestrados, colaboración co centro na asignación e distribución de tarefas para elaborar o TFM, responsables PIUNE ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinarse, necesariamente á coordinación do título de mestrado, debendo asignárselle un recoñecemento que se corresponda, a lo menos, co 12.5% da súa dedicación docente e da súa horas semanais de titoría.

100 puntos + 50 puntos por coordinación de mestrado interuniversitario asumida pola UVigo + 5 p. por estudante de novo acceso ao título de mestrado

- B.1.2. Intercambio de estudantes: a vicerreitoría competente certificará o número de estudantes, alleos/as e propios/as, que se acolleron aos programas de intercambio (SICUE, Erasmus, ISEP e outros programas recoñecidos pola ORI) no curso anterior á elaboración do POD.

2 puntos por estudante de mestrado de intercambio

- B.1.3. Prácticas do alumnado: a vicerreitoría competente certificará tanto o número de estudantes que se acolleron aos programas de prácticas extracurriculares oficiais no curso 2022/23, como a matrícula nas prácticas curriculares no curso 2023/24, así como os créditos ECTS das prácticas.

1 punto/6 ECTS por estudante en prácticas (extracur. a metade)

Nos títulos non implantados completamente, a bolsa será proporcional ao número de cursos que se impartan.

C. COMISIÓNS ACADÉMICAS DE PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

Os puntos asignados ás CAPD contemplarán as seguintes actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos do programa de doutoramento correspondente:

C.1. Para cada programa de doutoramento:

- C.1.1. Coordinación e organización docente: inclúe a coordinación de cursos, actividades docentes, colaboración co EIDO, ou calquera outra tarefa que se considere adecuada. Unha parte dos puntos deste apartado destinarse, necesariamente á coordinación do título de doutoramento.

100 puntos + 5 p. por estudante de novo acceso ao programa de doutoramento

D. CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN

Os puntos asignados aos campus de especialización a xeito de bolsa de horas contemplará actividades de xestión e apoio relacionadas con aspectos académicos das súas actividades.

500 puntos por Campus de Especialización

